



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Literatura e Cultura		Código	613G01049
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo comparado da literatura e a cultura. A materia céntrase na cultura da memoria e ocúpase dun estudo de caso e traballo de campo (A "Fundación Wenceslao Fernández Flórez" ou a "Casa-Museo Emilia Pardo Bazán", etc.) para coñecer a función social das Casas-Museo dos escritores e escritoras como lugares de memoria literaria.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumno debe coñecer os principios da Semiótica da Cultura e teorías afíns que insiren os estudos literarios nun ámbito superior e complexo como é o da cultura	A1	B1	C3
	A2	B2	C6
	A3	B3	
	A11	B5	
	A14	B8	
		B9	
O alumno debe ser capaz de aplicar a investigación en literatura comparada con la realidad de su ámbito vital, histórico y artístico	A1	B1	C1
	A2	B2	C6
	A3	B3	C8
	A11	B4	
	A15	B6	
	A21	B7	
	A22	B8	
	A23	B10	
O alumno debe ser capaz de valorar a memoria sociohistórica da súa contorna vital e de poñela en relación con outros ámbitos distantes no tempo e no espazo para acadar unha interpretación universal dos casos de estudo comparado aos que se enfronta	A11	B3	C6
	A14	B4	C8
		B5	
		B6	
		B7	
		B8	
		B9	
		B10	
O alumno debe coñecer as linguas e literaturas castelá, galega, portuguesa e inglesa, así como posuír algúns coñecementos doutras linguas e culturas para poder investigar no campo da literatura comparada	A7		C1
	A13		C8
	A15		
	A16		
	A17		
	A18		
	A19		
	A20		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Cultura e literatura como obxectos de estudo das ciencias humanas.	1.1. Os estudos literarios 1.2. A Literatura como Institución social. 1.3. O sistema literario como parte da cultura.



2. Cultura, memoria e literatura	2.1 O papel da memoria na formación das culturas. O rexistro da memoria. 2.2. A memoria e o esquecemento como fenómenos individuais e colectivos. 2.3. Os lugares da memoria 2.4. Tradición e ruptura na memoria do sistema literario.
3. Estudo de caso: Fundación ou Casa-Museo de autor ou autora	3.1. O estudo de caso como método de investigación: realidade próxima e traballo de campo. 3.1.1. O local e o universal: A contextualización socio-literaria. 3.1.2. Análise do caso escollido: un lugar de memoria literaria. 3.2. Conclusións. A función social da memoria literaria hoxe

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A11 B3 B5 B8 C1 C6	16	14	30
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C6	1	5	6
Estudo de casos	A2 A7 A13 A14	7	33	40
Traballos tutelados	A23 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A11 A7 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3 C6 C8	4	8	12
Proba mixta	A1 A2 A3 A7 A11 A15 A17 A18 A19 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1	2	20.5	22.5
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O docente explicará na aula os contidos principais da materia. Inclúense dúas sesións máis sobre a orientación teórica do método chamado "estudo de caso", que servirán como introdución á práctica comparatista.
Presentación oral	Os alumnos presentarán na aula os traballos realizados
Estudo de casos	Para aplicar á práctica o estudo comparado da cultura e a literatura, se centrarán os estudantes en analizar casos reais e achegados, para o cal se realizarán visitas á Casa-Museo ou Fundación elixida para cursar a materia. Para o estudo de caso acudirán a todo tipo de documentación e ferramentas de análise.
Traballos tutelados	Los estudiantes realizarán en el aula y fuera de ella, como trabajo autónomo, un proyecto de investigación en el que irán aplicando lo aprendido durante el curso, valorando lo que es pertinentemente científico y manejando la tecnología necesaria para ordenar la información.
Proba mixta	Proba final escrita que constará dunha serie de respostas a determinadas cuestións teóricas e dun apartado onde o estudante exporá ou resolverá casos prácticos concretos

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	O profesor atenderá na aula e nos horarios de titorías ao estudante
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A7 A11 B3 B5 B8 C1 C6	Valorarase a asistencia ás clases, tanto nas sesións expositivas como nos talleres.	5
Presentación oral	A15 B2 B4 B5 B6 B8 C1 C3 C6	Presentarase na aula o resultado do traballo realizado, explicando o proceso de realización e os aspectos relevantes. A idoneidade, coherencia e valor académico do traballo proposto serán tidos en conta na súa cualificación	20
Traballos tutelados	A23 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A11 A7 A3 A2 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B10 C1 C3 C6 C8	Valorarase a elaboración continuada do traballo, a comunicación ao docente das dificultades e avances ao longo do proceso, o uso de axeitadas fontes de documentación e o tratamento coherente da información.	25
Proba mixta	A1 A2 A3 A7 A11 A15 A17 A18 A19 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1	O día sinalado no calendario oficial da facultade, os alumnos realizarán un examen no que demostrarán os coñecementos teórico-prácticos adquiridos	50

Observacións avaliación
Na aula, ao comezo do curso, especificarase os pormenores da realización do traballo tutelado. A presentación oral dese traballo (duración e ferramentas empregadas) axustarase ao número de alumnos na materia. Os plaxios serán detectados coa aplicación informática que a UDC pon a disposición dos docentes e os traballos nos que o alumno plaxie serán penalizados cun 0,00. Na primeira oportunidade realizarase unha proba mixta ou exame teórico (a finais do cuadrimestre correspondente), cuxa cualificación se sumará á do traballo tutelado. Para obter a nota media entre a proba mixta e o traballo, o estudante deberá obter na primeira unha nota non inferior a 4. Será considerado NP o alumno que non se presente á chamada "proba mixta". Na segunda oportunidade, a proba mixta será máis extensa e constará dunha parte teórica e outra práctica. As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o docente baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación ou concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal. Repetidores ou alumnos con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia. No relativo ás prácticas, estas poderán seguir o ritmo de entrega que se estableza para todo alumnado, ou, de ser imposible o seu seguimento, confeccionarase un calendario de entrega adaptado ás necesidades do estudante en concreto. Tamén se programarán titorías presenciais e non presenciais para cursar satisfactoriamente a materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Fernández Flórez, Wenceslao (1917). <i>Volvoreta</i>. Madrid: Cátedra, 1980 e ss. - Fernández Flórez, Wenceslao (1923). <i>Visiones de neurastenia</i>. Zaragoza: Librería General - Fernández Flórez, Wenceslao (1927). <i>O ilustre Cardona</i> (1º ed. cast., 1923). A Cruña: Colección LAR novela curta - Fernández Flórez, Wenceslao (1932). <i>El hombre que compró un automóvil</i>. Madrid: Anaya, 1985 e ss. - Fernández Flórez, Wenceslao (1943). <i>El bosque animado</i>. Madrid: Espasa-Calpe - Pujante, David (2003). <i>Manual de retórica</i>. Madrid: Castalia - Ricoeur, Paul (2003). <i>La memoria, la historia, el olvido</i>. Madrid: Trotta, - Jurij M. / Escuela de Tartu (1971). <i>Semiótica de la cultura</i>. Madrid: Cátedra - Halbwachs, Maurice (1950) (2004). <i>La memoria colectiva</i>. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza, 2004 - Yates, Francis A. (1966). <i>El arte de la memoria</i>. Madrid: Siruela. 2ª ed., 2011 Parte do traballo do alumnado é a procura de recursos bibliográficos (documentación en bases de datos e bibliotecas en liña). Por esta razón, completárase a bibliografía fundamental con algunhas referencias que o docente indicará ao comezo do curso. Por outra banda, queda a criterio do docente a escolla de lecturas literarias relacionadas co tema (en primeiro lugar, obras de Wenceslao Fernández Flórez ou de Emilia Pardo Bazán).
Bibliografía complementaria	- Godinho, Paula (coord.) (2012). <i>Usos da memoria e prácticas do patrimonio</i>. Lisboa: Colibri - Halbwachs, Maurice (1950) (2004). <i>La memoria colectiva</i>. Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza - Moretti, Franco (1999). <i>Atlas de la novela europea (1800-1900)</i>. Madrid: Siglo XXI - Pardo Bazán, Emilia (1888). "Marineda", en <i>De mi tierra</i>. Vigo: Xerais, 1984 - Pardo Bazán, Emilia (1891). <i>La piedra angular</i>. Obras completas. Biblioteca Castro, tomo III - Pardo Bazán, Emilia (1892). <i>Cuentos de Marineda</i>. Obras completas. Biblioteca Castro, tomo VII - Pardo Bazán, Emilia (1896). <i>Memorias de un solterón</i>. Obras completas. Biblioteca Castro, tomo III - Pardo Bazán, Emilia (1905). <i>La Quimera</i>. Obras completas. Biblioteca Castro, tomo V

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Antes do comezo desta materia no segundo cuatrimestre, a profesora mandará un aviso por moodle para confirmar que hai que ler as catro obras de Wenceslao Fernández Flórez indicadas en "Fontes de Información". Deste xeito, os estudantes terán máis ou menos preparada a lectura previa ao traballo na aula. Asistir a clase é a recomendación final.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías